

RECTIFICACIÓN NAS BASES QUE REXERÁN O PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO, DE OITO PEÓNS, AO ABEIRO DO PROGRAMA “DEPUEMPREGO 2017”

Seguindo instrucións da Deputación Provincial de Lugo, en relación coas bases que rexerán o proceso selectivo para a selección e contratación laboral temporal, mediante concurso, de oito peóns, ao abeiro do programa “DEPUEMPREGO 2017”, a Alcaldía do Concello de Antas de Ulla, adoptou, con data 19 de xullo de 2017 a seguinte Resolución:

PRIMEIRO.- Ordenar a rectificación das **bases 7ª.2 e 7ª.4**, que rexerán o proceso selectivo para a selección e contratación laboral temporal, mediante concurso, de oito peóns, ao abeiro do programa “DEPUEMPREGO 2017”, nos seguintes termos:

Base 7ª.2.:

Onde di:

“Así mesmo, comunicará á Deputación de Lugo o prazo e medio elixido para a publicación das bases e a data concreta da solicitude de oferta á oficina de emprego, que se realizará o día 21 de xullo de 2017”.

Debe dicir:

“Así mesmo, comunicará á Deputación de Lugo o prazo e medio elixido para a publicación das bases e a data concreta da solicitude de oferta á oficina de emprego, que se realizará o día 4 de agosto de 2017”.

Base 7ª.4.:

Onde di:

“As persoas candidatas propostas polo Servizo Público de Emprego deberán presentarse no Concello de Antas de Ulla para participar no proceso selectivo o día 9 de agosto de 2017, data que se indicará á oficina de emprego de Chantada para presentación ao procedemento de selección”.

Debe dicir:

“As persoas candidatas propostas polo Servizo Público de Emprego deberán presentarse no Concello de Antas de Ulla para participar no proceso selectivo o día 18 de agosto de 2017, data que se indicará á oficina de emprego de Chantada para presentación ao procedemento de selección”.

SEGUNDO.- Ordenar a publicación da modificación sinalada tanto no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello como no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Antas de Ulla.

En Antas de Ulla, a dezanove de xullo de dous mil dezasete.



A SECRETARIA-INTERVENTORA ACCTAL.
María del Carmen Pérez Rodríguez
Documento asinado electronicamente.

**BASES PARA A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE
CONCURSO, DE OITO PEÓNS, AO ABEIRO DO “PROGRAMA DEPUEMPREGO 2017”**

BASES

1ª.- NORMAS XERAIS

A selección rexerase polo previsto nestas bases; Real Decreto Legislativo 5/2015 , polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015, do Emprego Público de Galicia; Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local; Lei 5/97, de administración local de Galicia; Real Decreto legislativo 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Real Decreto 896/1981, de 7 de xuño; Real Decreto 364/95; Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e de acordo coas instrucións da Deputación Provincial de Lugo para a execución do programa “DEPUEMPREGO 2017”, ao abeiro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos.

2ª.- CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO

O cometido funcional deste posto de traballo consistirá na realización das tarefas propias de peón de obras públicas que lle sexan encomendadas polo persoal responsable dos servizos municipais correspondentes do Concello de Antas de Ulla e, en concreto, de conformidade coa memoria descritiva das necesidades de contratación para satisfacer os servizos a financiar ao abeiro do programa “DEPUEMPREGO 2017”, incluído no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos, o Concello vai realizar a contratación de persoal para o desenvolvemento das seguintes actuacións e servizos, todos eles incluídos dentro do marco das competencias propias do concello, de acordo co disposto ao respecto no art. 25 LBRL:

- i. Traballos en materia de protección do Patrimonio histórico municipal
- ii. Traballos en materia de medio ambiente urbano, en particular, parques e xardíns públicos.
- iii. Traballos en materia de mantemento e conservación de infraestrutura viaria e outros equipamentos de titularidade municipal.

- iv. Traballos en materia de protección da salubridade pública.

3ª.- DURACIÓN DO CONTRATO

O contrato de traballo, de seis meses de duración, asinarase baixo a modalidade de contrato de traballo de obra ou servizo, a xornada completa, con data prevista de inicio o próximo día 1 de setembro de 2017, en horario de 9,00 a 13,30 h. e de 15,30 a 19,00 h.

4ª.- RETRIBUCIÓN

Fíxase unha retribución neta de 1.104,50 euros, de acordo cos custes salariais incluídos na memoria aprobada ao abeiro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2017.

5ª.- REQUISITOS DOS CANDIDATOS

1.- Para seren admitidos ao presente procedemento os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do artigo 57 do Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Ter unha idade comprendida entre os 18 e os 65 anos.

c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego a que se aspira, non padecendo enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio das funcións públicas.

e) Non estar incurso nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.

f) Ser persoa desempregada inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante de emprego.

2.- Os anteriores requisitos deberán estar en posesión dos aspirantes o día sinalado pola oficina de emprego para a realización do proceso selectivo.

3.- Será nulo o nomeamento dos que estean incursos nas causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

6ª.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DOS CANDIDATOS.

1.- A selección do persoal a contratar levarase a cabo mediante a formulación de oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia, a través da oficina de emprego de Chantada. Non se requirirá a presentación de instancias, xa que os candidatos deberán figurar na lista remitida polo Servizo Público de Emprego de Galicia, en contestación á correspondente oferta.

2.- Na súa formulación, a oferta non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación que non responda aos criterios preferenciais establecidos no programa “DEPUEMPREGO 2017”, en virtude do cal se realizarán as contratacións.

3.- As bases íntegras publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Antas de Ulla e na súa sede electrónica (<http://concellodeantas.sedelectronica.gal/>).

7ª.- TRAMITACIÓN

1.- O Concello de Antas de Ulla facilitará á Deputación de Lugo, 10 días antes do inicio do procedemento de selección, as bases da convocatoria do proceso para dar publicidade na páxina web institucional, así como de calquera outra documentación relacionada co mesmo, en aplicación da base 8ª.2 do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos.

2.- Así mesmo, comunicará á Deputación de Lugo o prazo e medio elixido para a publicación das bases e a data concreta da solicitude de oferta á oficina de emprego, que se realizará o día 21 de xullo de 2017.

3.- Recibida a oferta, o Servizo Público de Emprego realizará unha sondaxe de demandantes en función das súas características atendendo á maior adecuación ao posto ofertado, proporcionando, de ser posible, o número de candidatos que solicite a entidade beneficiaria, de acordo cos criterios de selección establecidos na oferta.

4.- As persoas candidatas propostas polo Servizo Público de Emprego deberán presentarse no Concello de Antas de Ulla para participar no proceso selectivo o día 9 de agosto de 2017, data

que se indicará á oficina de emprego de Chantada para presentación ao procedemento de selección.

5.- A fin de poder participar no proceso selectivo as persoas candidatas deberán aportar a documentación indicada nas presentes bases (orixinais ou fotocopias compulsadas, non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos), obxecto de valoración no procedemento de selección, xunto co DNI ou documento similar que acredite a súa identidade.

8ª.- TRIBUNAL DE VALORACIÓN

Estará constituído polas seguintes persoas:

PRESIDENTE:

Titular e suplente correspondentes. Un funcionario de categoría ou escala igual ou superior á praza que se convoca, designado pola Alcaldía-Presidencia.

VOGAIS:

Tres funcionarios de categoría ou escala igual ou superior á praza que se convoca e os seus suplentes correspondentes, designados pola Alcaldía-Presidencia.

SECRETARIO:

A Secretaria Xeral do Concello de Antas de Ulla e como suplente da mesma un funcionario de categoría igual ou superior ao posto que se convoca, designado pola Alcaldía-Presidencia. Actuará con voz e sen voto.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir cando concorra algunha das causas previstas no art. 28 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro. Así mesmo os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorra algunha das causas do artigo 28 da citada Lei, tal e como dispón o artigo 29 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Os membros do Tribunal terán dereito pola súa concorrencia ás sesións do tribunal, ao pago das asistencias nas contías establecidas polo Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, ou as actualizacións posteriores (Orde do Ministerio de Economía e Facenda EHA/3770/2005/ de 1 de decembro). Ademais os membros do mesmo que teñan que desprazarse desde outro termo municipal terán dereito a gastos de viaxe,

segundo a normativa citada.

Os membros do Tribunal quedan facultados para resolver as dúbidas que se lles presenten e tomar os acordos precisos para o desenvolvemento correcto do proceso de selección, así como aquelas cuestións que non estean previstas nas presentes bases. As decisións adoptaranse por maioría simple dos membros asistentes.

9ª.- SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección é o de concurso de méritos, cunha puntuación máxima de dez (10) puntos.

1.- O proceso selectivo iniciárase cunha primeira fase de valoración de méritos. A puntuación máxima desta primeira fase será de oito (8) puntos. O Tribunal valorará os méritos dos/as aspirantes admitidos baseándose na documentación aportada durante o prazo de solicitude, consonte a seguinte distribución:

a) Experiencia laboral (máximo 6 puntos)

Desempeñar ou ter desempeñado as funcións do posto de traballo obxecto deste proceso de selección, en calquera Administración Pública ou organismos autónomos de carácter administrativo dependentes da mesma, con contratos ou nomeamento feito pola propia Administración: 0,20 puntos por cada mes completo. A puntuación minorarase de forma proporcional en función da porcentaxe de xornada, cando esta fora parcial. Non se computarán servizos prestados por tempo inferior a un mes e os meses consideraranse de 30 días naturais.

Acreditarase mediante a presentación de Informe de Vida Laboral máis copia compulsada dos contratos de traballo onde conste a categoría profesional ou ben certificación acreditativa expedida pola entidade contratante onde conste a categoría profesional. De non presentarse a citada documentación, ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación neste apartado será de 0 puntos.

b) Outros (máximo 2 puntos)

- i. Polo coñecemento do termo municipal: 1 punto. Acreditarase mediante un volante de empadroamento no que conste unha antigüidade mínima de 3 anos empadroado no Concello. En caso de non estar empadroado, e se o solicita o/a concursante, se lle poderán formular preguntas que acrediten o coñecemento do termo municipal, aos efectos de poder obter esta puntuación.



- ii. Por pertencer a algún dos seguintes colectivos con dificultades de integración laboral: mulleres, maiores de 45 anos, persoas con discapacidade, parados de longa duración, persoas vítimas de violencia de xénero, e outros que se recollan na normativa sectorial vixente: 1 punto (máximo 1 punto).

Os aspirantes que fagan valer a súa condición de persoa con discapacidade, deberán presentar certificación dos órganos competentes que acrediten tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos órganos ou da administración sanitaria acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes. Acreditarase a condición de parado de longa duración mediante certificación do INEM. A fin de acreditar a condición de vítima de violencia de xénero haberán de utilizarse os medios que a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero establece ao efecto. E para o resto de casos os/as aspirantes deberán aportar a documentación acreditativa oficial.

2.- Os méritos que se aleguen polos/as aspirantes acreditaranse o día sinalado pola oficina de emprego para a realización do proceso selectivo. Non se valorarán aqueles que non estean suficientemente acreditados documentalmente.

3.- Para acceder á segunda fase do procedemento selectivo, o/a candidato/a deberá obter cando menos unha puntuación total de 4,5 puntos na primeira fase. Calquera candidato/a cunha puntuación inferior á sinalada, será declarado/a NON APTO/A e excluído/a do procedemento de selección.

A relación coas puntuacións obtidas polo/as aspirantes publicárase tanto no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello como no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Antas de Ulla, e disporán dun prazo de dous días hábiles, seguintes aos da súa publicación, para presentar as reclamacións que considere oportunas.

A data para dar a coñecer a resolución de reclamacións e a realización da segunda fase (entrevista persoal) publicárase tanto no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello como no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Antas de Ulla.

4.- O proceso continuará cunha segunda fase de entrevista persoal. A puntuación máxima correspondente a esta fase é de 2 puntos.

Os/as candidatos/as deberán presentarse á proba provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

A entrevista versará sobre aspectos relacionados directamente coas funcións do posto de traballo a desenvolver. O Tribunal cualificador realizará aos aspirantes as preguntas que teña

por conveniente para avaliar a súa idoneidade para o posto de traballo, valorando o nivel de coñecementos e a aptitude dos/as aspirantes.

5.- No caso de producirse empates, o Tribunal de Valoración aplicará os seguintes criterios de prioridade:

- i. Persoas desempregadas maiores de 45 anos con responsabilidades familiares: ter ao seu cargo o/a cónxuxe, fillos/as menores de 26 anos ou maiores con discapacidade, incapacitados ou menores en acollemento.
- ii. Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.
- iii. Mulleres, ao ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ó dos homes.

6.- A puntuación final dos/as candidatos/as que obtiveran a cualificación de APTOS/AS será a resultante da fase de concurso máis a fase de entrevista. Rematada a cualificación dos/as aspirantes, o Tribunal publicará tanto no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello como no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Antas de Ulla a relación dos mesmos por orde da puntuación obtida. Serán propostas para o posto de traballo convocado as oito persoas que acadaran as maiores puntuacións, quedando as restantes conformando unha listaxe de reserva, ordenada segundo a puntuación obtida, aos efectos de renuncia, baixa, ou calquera outra continxencia das persoas candidatas propostas, sendo requirida a que figure na listaxe no seguinte lugar, sucesivamente, cando as circunstancias o requiran.

10ª.- RESOLUCIÓN

A resolución do concurso e os nomeamentos serán realizados polo Presidente da Corporación Municipal, a proposta do Tribunal cualificador.

11ª.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

1.- As persoas propostas presentarán na Secretaría do Concello, no prazo de 3 días hábiles, contado a partir da publicación da relación de aprobados no Taboleiro de Anuncios de Concello, os documentos seguintes:

- a) Fotocopia cotexada do Documento Nacional de Identidade.
- b) Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración Pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.

- c) Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.
- d) Declaración xurada de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobre a materia.
- e) Número de afiliación á Seguridade Social.
- f) IBAN da conta bancaria da súa titularidade onde ingresar as correspondentes nóminas.

2.- A non presentación dentro do prazo fixado no parágrafo anterior da presente base da documentación antes referida, agás os casos de forza maior, ou cando da presentación dos documentos se desprenda o non cumprimento dos requisitos da convocatoria ou supostos de falsidade na instancia presentada para tomar parte no proceso selectivo, dará lugar á invalidez das actuacións do/a aspirante, e xa que logo, a nulidade dos actos do Tribunal en relación co aspirante e a imposibilidade de efectuar o seu nomeamento, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades nas que puidese ter incorrido. Neste caso, a proposta considerase feita a prol dos/as aspirantes que, segundo á orde de puntuación obtida, teñan cabida no número de postos convocados; todo ilo como consecuencia da citada anulación.

12ª.- DESIGNACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

- 1.- Presentada a documentación polos/as interesados/as, e sendo a mesma conforme, o Sr. Alcalde procederá á designación dos/as aspirantes seleccionados/as e á formalización dos correspondentes contratos laborais.
- 2.- Establécese un período de proba dun mes. Transcorrido este período se a persoa da que se trate o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato subscrito.
- 3.- Mentres non se formalice o contrato e non se incorporen ó posto de traballo, as persoas designadas non terán dereito a percepción económica de ningunha clase.
- 4.- Quen sen causa xustificada non concorrese a formalizar o contrato na data sinalada, perderá todos os dereitos derivados da superación das probas selectivas.

13ª.- INCIDENCIAS

- 1.- A presente convocatoria, as súas bases, e tódolos actos administrativos que dela deriven, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.



Concello
de
ANTAS DE ULLA
·LUGO·

2. Para o non previsto nestas bases, será de aplicación a Lei 7/1985 de 2 de abril, o Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, o Real Decreto 896/1991 de 7 de xuño, o Real Decreto 364/1995 de 10 de marzo e a normativa laboral de aplicación.

En Antas de Ulla, a 19 de xullo de 2017.

O Alcalde.

Javier Varela Pérez

Documento asinado electronicamente.